

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D.^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D.^a María Cristina Fernández Davila, quen actúa no nome e na representación do Concello de Ponteareas, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 17/12/2021 o Pleno da Corporación Provincial, adoptou o acordo núm. 4.7719 polo que se aprobou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Ponteareas, con destino á execución da actuación denominada “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS”, ao abeiro do PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA).



II. O orzamento do investimento ascendía a 963.527,36€ e a subvención concedida a 722.645,52€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 240.881,84€ (25%).

III. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000418 de 24/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración, que se asinou o día 08/02/2022. Dito convenio ten por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

IV. A cláusula Segunda do referido convenio, relativa ao “FINANCIAMENTO”, establece o seguinte: “O custo total da actuación ascende a novecentos sesenta e tres mil cincocentos vinte e sete euros con trinta e seis céntimos (963.527,36€).

Deste importe, a Deputación financiará unha contía máxima de setecentos vinte e dous mil seiscentos corenta e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (722.645,52€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento do 75%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.75.2021 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de douscentos corenta mil oitocentos oitenta e un euros con oitenta e catro céntimos (240.881,84€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 25%, que será financiada contra a correspondente aplicación do orzamento do concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter”.

V. Por acordo núm. 21.31265 da Xunta de Goberno do 11/02/2022 concedeuse unha subvención ao dito concello de 240.881,84€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon.

VI. Na data 07/04/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 730.642,81€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 232.884,55€ (24,17%), formalizándose o contrato administrativo o 13/04/2022.

VII. Na data 20/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040903) a solicitude de autorización para a redacción dun proxecto modificado presentada no rexistro do Concello polo director de obra debido á “necesidade de incluír unha serie de obras de redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumeadado público, abastecemento e rego que, non estando contempladas inicialmente no proxecto, considéranse necesarias por parte da concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas. E debido ao seu estado e carencias detectadas por parte do coordinador da área de urbanismo, obras públicas e servizos do concello de Ponteareas propónse a súa subsanación aproveitando a execución destas obras para non aumentar o perxuízo da veciñanza ao executalas no menor espazo de tempo posible e ao interese xeral de que, unha vez realizadas as novas pavimentacións, non se teña necesidade de levantar a rúas nos



vindeiros anos coa incorporación ou modificación de instalacións deixando as novas actuacións en perfecto estado de finalización. Así mesmo considerouse por parte do coordinador da área de urbanismo, obras públicas e servizos do concello de Ponteareas, o reforzo de firmes e o aumento de superficie formigonada polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumeado público e da iluminación nocturna” e unha certificación do acordo de autorización para a redacción dun proxecto modificado e da solicitude á Deputación de que o modificado se faga con cargo ao remanente xerado como consecuencia da baixa de adxudicación, facéndose cargo o Concello da contía que supere o indicado remanente. Na data 31/08/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022047013), entre outros documentos, o proxecto modificado (emendado na data 20/09/2022 (núm. rexistro WEB2022050119), e a certificación do acordo de aprobación do dito proxecto (esta última, emendada na data 19/09/2022 (núm. rexistro WEB2022049879) . O orzamento do novo proxecto ascende a 1.273.347,25€. O orzamento modificado, aplicando a porcentaxe de adxudicación, ascende a 965.579,22€, o que supón un incremento de 234.936,41€ sobre o proxecto inicial adxudicado (incremento que resulta ser superior á baixa xerada coa adxudicación da obra).

VIII. A cláusula Quinta do convenio, relativa á súa modificación, establece que “O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.

A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda.

A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación”.

IX. Que o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra sinala que, salvo que na resolución da concesión se estableza o contrario, a persoa ou entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida por aplicación dos criterios de concesión. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instrutor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo



o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.

X. Na data 30/09/2022 o Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 8.7861 (CSV: Q57L92JJQQQUAYZ2), aproba o proxecto modificado, tendo en conta as novas obrigas económicas en relación ao orzamento da actuación, o importe da subvención e o importe a cofinanciar

XI. Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda, para adaptar o texto do Convenio asinado o 08/02/2022 ás novas condicións establecidas no antedito acordo do Pleno polo que se aproba o proxecto modificado, co seguinte clausulado:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FINANCIAMENTO

As partes acordan modificar a cláusula segunda do Convenio, relativa ao financiamento da actuación denominada “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS” no marco do Programa REACPON, polo incremento do orzamento e do importe da achega municipal prevista no convenio, quedando redactada do seguinte xeito:

“O custo total da actuación, ascende a novecentos sesenta e cinco mil cincocentos setenta e nove euros con vinte e dous céntimos (965.579,22€).

Deste importe, a Deputación financiará unha contía máxima setecentos vinte e dous mil seiscentos corenta e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (722.645,52€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento de adjudicación do 74,84%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.75.2021 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de douscentos corenta e dous mil novecentos trinta e tres euros con setenta céntimos (242.933,70€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 25,16%, dos que 240.881,84€ serán financiados coa subvención concedida pola Deputación con cargo a anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 e 2.051,86€ con cargo á correspondente aplicación do orzamento do concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.

Quedando o financiamento da actuación conforme ao seguinte detalle:

| | |
|--|--------------|
| Custo Total | 965.579,22 € |
| Importe Subvención (Programa REACPON) | 722.645,52 € |
| Plan Concellos 2022-2023 | 240.881,84 € |
| Achega Municipal | 2.051,86 € |



SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais, permanecerá invariable o contido do Convenio aprobado na data 24/01/2022 e asinado o 08/02/2022, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, D.^a María del Carmen Silva Rego

A alcaldesa-presidenta do Concello de Ponteareas, D.^a María Cristina Fernández Davila

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay

